



DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL, MEDIANTE O QUE SE CANALIZA UNHA SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA E PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS, DURANTE O ANO 2024

En Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

REUNIDOS

DUNHA PARTE: D^a Marta Villaverde Acuña, en calidade de directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (NIF S1511001H), nomeada por Decreto 123/2024, do 29 de abril (DOG núm. 85 do 30.04.2024), en virtude das facultades conferidas polo artigo 8 da Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos da dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

DOUTRA PARTE: D. José Luis Sacau Fontenla (DNI ***7165**), en representación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (NIF G36231561) (en diante, FGCMF), en virtude do disposto no artigo 18 dos estatutos inscritos no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2007/000185-2 (SC), e do acordo adoptado pola Xunta Directiva na súa sesión do 23 de febreiro de 2024.

Ambas partes, respectivamente, recoñécense capacidade e competencia para formalizar o presente convenio, séndolle de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (en diante, RSG), e demais normas que se detallan no clausulado do mesmo.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

PRIMEIRO.- Na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, figura unha subvención de concesión directa a favor da FGCMF, por un importe de 8.500,00 euros na aplicación orzamentaria 15.03.722A.481.6 (proxecto 2015 00595) e por un importe

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

de 20.000,00 euros na aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.6 (proxecto 2015 00595), existindo crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas que derivan da subvención.

SEGUNDO.- A Consellería do Mar, ao abeiro do disposto no artigo 37.2 do RSG, acordou o inicio da tramitación deste convenio con data do 19 de marzo de 2024

TERCEIRO.- A Consellería do Mar, con data do 24 de abril de 2024 aprobou a autorización do gasto a favor da FGCMF, por importe de 8.500,00 euros na aplicación orzamentaria 15.03.722A.481.6 (proxecto 2015 00595) e por un importe de 20.000,00 euros na aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.6 (proxecto 2015 00595).

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E ACTUACIÓNS

O obxecto do presente convenio é canalizar a subvención prevista nominativamente na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a favor da FGCMF, co fin de financiar as actuacións previstas ata o 30 de novembro de 2024, consistentes na dinamización das embarcacións tradicionais.

A FGCMG vén desenvolvendo actividades de promoción e difusión do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia, con especial énfase nas embarcacións tradicionais, que teñen como obxectivo a preservación da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia, das súas costas e ribeiras, e o fomento do uso social e a dinamización dese patrimonio.

As actuacións correspondentes ao ano 2024, son as seguintes:

- III Copa Mörling. Campionato galego de dornas a vela
- Promoción do Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia.
- Promoción peninsular da cultura e patrimonio marítimo-fluvial de Galicia no 2024:
 - III Pasaia Itstas Festibala
 - Euskal Batelero Eguna 2024
 - XII Encontro de Embarcações de Vila do Conde, o Cruzeiro Religioso do Tejo ou a Feira Náutica de Setúbal
- Culturmar membro da European Maritime Heritage.
- Promoción da actividade de Culturmar, páxina web e xestión de RRSS.
- Xornadas formativas *Patroneando o futuro*.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal

- Revista Nova Ardentía Nº16
- Produción ou adquisición de material audiovisual, didáctico, fotográfico ou similar.

SEGUNDA.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

A Consellería do Mar subvencionará as obrigas que se deriven das actuacións do presente convenio ata un importe máximo de 28.500,00 euros, con cargo ao exercicio orzamentario de 2024, segundo o seguinte detalle:

Gastos de funcionamento:

- 8.500,00 euros da aplicación orzamentaria 15.03.722A.481.6. (proxecto 2015 00595).

Gastos de promoción e difusión do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia:

- 20.000,00 euros da aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.6 (proxecto 2015 00595).

A FGCMF asume as obrigas recollidas para os beneficiarios das subvencións no artigo 11 da LSG, así como as seguintes:

- Dedicar integramente o importe da subvención á realización das actividades sinaladas na cláusula primeira.
- Realizar o seguimento das accións anteriormente descritas.
- Pór en coñecemento da consellería calquera incidencia que afecte á realización ou desenvolvemento posterior das actuacións efectuadas, proporcionando toda canta información lle sexa requirida.
- Dar cumprimento ao disposto no artigo 27 da LSG, relativo á subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios. A estes efectos, non se establece un límite para subcontratar.
- Dar cumprimento ao disposto no artigo 29.3 da LSG, relativo á solicitude de tres ofertas, como mínimo, con carácter previo á contratación de compromisos con provedores, salvo que non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.
- Prestar colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas.
- Manifestar expresamente o consentimento a que os datos que obran en poder das administracións públicas, sexan consultados directamente pola administración, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 10.2 do RSG.

- Subministrar toda a información necesaria á administración en virtude das obrigas previstas para as persoas xurídicas beneficiarias de subvencións, conforme co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRA.- RÉXIME DE COMPATIBILIDADE

Será compatible a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actividades subvencionadas.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e fosen realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2024.

Os tributos consideraranse gasto subvencionable cando a FGCMF os abone efectivamente. En ningún caso, se consideraran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, se se imputan polo FGCMF ás actividades subvencionadas, na medida en que tales custos correspondan ao período en que se realiza a actividade.

Os gastos subvencionables respectarán as regras contidas no artigo 29 da LSG.

QUINTA.- PRAZOS E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E APLICACIÓN DOS FONDOS

O prazo límite para a xustificación dos gastos subvencionables será o 10 de decembro de 2024.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos, documentarase mediante a forma de conta xustificativa do gasto realizado, conforme co disposto no artigo 48 do RSG.

SEXTA.- PRAZOS E MODOS DE PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación polo beneficiario, da realización da actividade para a cal se concedeu, e pola contía da subvención efectivamente xustificada.

O órgano concedente realizará as comprobacións pertinentes e incluírá no expediente un certificado acreditativo da verificación realizada.

Establécese a posibilidade de realizar pagos a conta. Ditos pagos a conta poderán supor a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada, coas limitacións previstas no artigo 62 do RSG, e de conformidade co disposto nos artigos 65.4 f) e 67 do RSG.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA.- REINTEGRO, INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS E COMPROMISOS

Nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro será o previsto no Capítulo II do Título II da LSG.

O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polo beneficiario, que sexan constitutivos de infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións, tramitaranse conforme co disposto no Título IV da LSG.

Por outra banda, o incumprimento da obriga de subministrar información á administración, dará lugar á aplicación do disposto no Título III da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

O presente convenio estará suxeito á LSG e ao RSG, e aos preceptos básicos contidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

En relación coas obrigas de publicidade e transparencia, resultaranlle aplicables a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Subsidiariamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

NOVENA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

O beneficiario deberá dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención.

A publicidade consistirá na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia, regulada no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, así como lendas relativas á financiación pública en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

DÉCIMA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL

O seguimento, vixilancia e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada por:

- A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa en quen delegue, que será a Presidenta.
- O Xefe de Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que será o Secretario.
- O Presidente da FGCMF ou persoa en que delegue.
- O/A Secretario/a da FGCMF.

Esta comisión será competente para resolver as controversias que poidan xurdir con respecto á interpretación e cumprimento do convenio.

UNDÉCIMA.- PRAZO DE VIXENCIA, PRÓRROGA E MODIFICACIÓNS

O presente convenio estará vixente dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2024.

Non se prevé a posibilidade de prórroga ou modificación do convenio.

O Conselleiro
P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do
01.03.2022)
A directora xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña

A Federación Galega pola Cultura
Marítima e Fluvial
D. José Luis Sacau Fontenla